

- 34.—Núñez Aboy Nuria María (No aporta certificado Inem)
 - 35.—Otero López Lucía (No aporta certificado Inem)
 - 36.—Portela Iglesias María Isabel (No aporta DNI compulsado)
 - 37.—Ramos Agraso Manuel (No aporta certificado Inem)
 - 38.—Rico García Lucía (No aporta certificado Inem)
 - 39.—Rodríguez Cabeceira María Teresa (No aporta certificado Inem)
 - 40.—Rodríguez García Sonia (No aporta certificado Inem)
 - 41.—Rodríguez Lillo María del Carmen (No aporta certificado Inem)
 - 42.—Rodríguez Paz Joaquín José (No aporta DNI)
 - 43.—Rodríguez Vázquez Nerea (No aporta certificado Inem)
 - 44.—Rosales Sueiro José (No aporta certificado Inem)
 - 45.—Sanguinetti Rodríguez Dolores (No aporta certificado Inem)
 - 46.—Seoane da Silva Lorena (No aporta DNI)
 - 47.—Sines Vila Verónica Ángeles (No aporta certificado Inem)
 - 48.—Sumay Valkama Ana Cristina (No aporta certificado Inem)
 - 49.—Varela de Limia de Cominges Carmen (No aporta certificado Inem)
 - 50.—Vázquez Fernández Nuria Isabel (No aporta certificado Inem)
 - 51.—Vázquez González Patricia (No aporta certificado Inem)
 - 52.—Vázquez Molares Yolanda (No aporta DNI)
 - 53.—Vázquez Padrón Pedro Manuel (No aporta certificado Inem)
 - 54.—Vázquez Pais Ana María (No aporta certificado Inem)
 - 55.—Vilas Mariño Marta (No aporta titulación ni certificado del Inem)
 - 56.—Villavariz García Julio (No aporta certificado Inem)
 - 57.—Vinagre Tomé Rosa María (No aporta el DNI compulsado ni el recibo de las tasas)
- Nigrán, a 15 de febreiro de 2011.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez. 2011001973

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día quince de febreiro de dous mil once, acordou aprobar a seguinte convocatoria e bases de subvencións para o mobiliario a instalar nas terrazas vinculadas aos establecementos de hostalería do Concello de Vilagarcía de Arousa; polo que se fai público o texto da devandita convocatoria, do teor literal seguinte:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O MOBILIARIO A INSTALAR NAS TERRAZAS

Con suxeición á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ao Regulamento 887/2006 polo que se desenvolve, así como á Lei de subvencións de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Igualmente conforme ao establecido na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, convócanse as seguintes axudas:

CAPÍTULO 1 DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. INTRODUCCIÓN

Froito da entrada en vigor da Ordenanza Reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras o día 01 de outubro de 2010, convócanse as presentes axudas públicas ás inversións realizadas conforme á mesma de acordo co que a seguir se pasa a expor nos artigos seguintes.

ARTIGO 2. DESTINATARIOS

- 1.— Poderán solicitar as axudas os titulares de establecementos de hostalería dentro do ámbito territorial do Concello de Vilagarcía de Arousa, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coa Ordenanza Reguladora de terreos de uso público con mesas e cadeiras, ou persoa que legalmente a represente.
- 2.— A efectos do disposto no apartado anterior, terase en consideración a titularidade e a actividade que consten na autorización de apertura.
- 3.— Só se concederán axudas aos titulares de establecementos de hostalería que teñan concedida autorización de instalación de terrazas con anterioridade ao 11 de febreiro de 2010.
- 4.— Igualmente só se concederá aos que dean cumprimento á normativa laboral que se acreditará conforme ao artigo 4.2 apartado e) das presentes bases.
- 5.— En ningún caso poderán optar a estas axudas os establecementos que a pesar de ter abonado a taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa non contasen con autorización de ocupación anterior ao 11 de febreiro de 2010.

ARTIGO 3. OBRIGACIÓN DOS PERCEPTORES

Os perceptores da subvención estarán obrigados a:

- 1.— Aceptar a subvención. A estes efectos entenderase tacitamente aceptada polos solicitantes que non manifestaran o contrario no prazo de quince días seguintes á notificación da concesión.
- 2.— Ter solicitado e obtido a autorización de instalación de terrazas conforme á Ordenanza reguladora de ocupación de terreos de uso público publicada no BOP n.º 28 de 11 de febreiro de 2010.
- 3.— Ter realizado o investimento para a que foi concedida a subvención.
- 4.— Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar ao Concello cantos datos e documentos se requiran.
- 5.— Dar conta das modificacións que puideran xurdir na realización do proxecto tan pronto como sexan coñecidas e xustificalas adecuadamente.
- 6.— Comunicar ao Concello a existencia de calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente doutras administracións ou entidades públicas ou privadas.
- 7.— Acreditar, con anterioridade ao pago da subvención, que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 8.— Xustificar adecuadamente a subvención nos termos establecidos nestas bases.
- 9.— Dar a adecuada difusión de que o mobiliario está subvencionado polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 4. CRITERIOS XERAIS DA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- 1.— A solicitude segundo modelo (Anexo I) irá acompañada da seguinte documentación debendo presentarse orixinal ou copia compulsada:
 - a) Fotocopia do DNI da persoa solicitante e, no seu caso, fotocopia do DNI do/a representante.

- b) Certificación acreditativa de non ser deudor da Facenda Pública e de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- c) CIF ou NIF do establecemento.
- d) Certificación da conta bancaria do beneficiario para o abono da subvención.
- e) Declaración xurada polo titular do establecemento de dar cumprimento á normativa laboral.
- f) Xustificación da inversión conforme ao artigo 15.

CAPÍTULO 2.

PRINCIPIOS XERAIS DO PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES

ARTIGO 5. PRINCIPIOS XERAIS

Estas axudas xestionaranse conforme aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia e con adecuación á legalidade orzamentaria.

ARTIGO 6. CONTÍA DAS AXUDAS

- 1.—O importe das axudas non poderá rebasar a cantidade prevista no orzamento para esta finalidade.
- 2.—A contía máxima por beneficiario será do 50% do mobiliario adquirido e como límite máximo 200 € por velador e ata 900 € por establecemento.
- 3.—As subvencións estableceranse con cargo á partida orzamentaria 422.770.00, cunha dispoñibilidade de crédito de 88.500 €.

ARTIGO 7. PRAZOS

- 1.—O prazo para a presentación das solicitudes será desde o 1 ata o 30 de abril de 2011.

ARTIGO 8. ORDENACIÓN, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

1-SUBSANACIÓN

Se a solicitude presentada por calquera interesado non reunise os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase por escrito ao solicitante para que subsane os defectos observados no prazo máximo de dez días, de non o facer teráselle por desistido da súa petición, conforme ao previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

A efectos do procedemento de xestión da subvención, de instrución e de proposta técnica, o órgano instructor poderá requirir aos solicitantes a aportación de cantos datos, informacións ou documentos, relacionados coa actividade ou conexas con ela, estime necesarios.

2-INSTRUCCIÓN

O procedemento instruírse pola Área de Promoción Económica e Innovación.

3-ÓRGANO COMPETENTE PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

A Xunta de Goberno Local será competente para a concesión das subvencións.

CAPÍTULO 3**EVALUACIÓN DAS SOLICITUDES, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E PAGO DAS SUBVENCIONES***ARTIGO 9. COMISIÓN DE VALORACIÓN*

- 1.—A avaliación das solicitudes realizarase por un órgano colexiado previo informe municipal cuxa composición e funcionamento é a que a seguir se relaciona:
 - Presidente: O Concelleiro da Área de Promoción Económica e Innovación.
 - Vogais
 - ✓ 1 representante do sector (que nomeará a Asociación de Hostaleriros-AHITUVI).
 - ✓ 1 empregado da Área de Promoción Económica e Innovación.
 - ✓ 1 empregado da Xerencia de Urbanismo.
 - ✓ 1 representante do Grupo Municipal Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.
 - ✓ 1 representante do Grupo Municipal Partido Popular.
 - ✓ 1 representante do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
 - ✓ 1 representante do Grupo Municipal Izquierda Unida.
 - ✓ 1 representante do Grupo Municipal Independientes por Vilagarcía (IVIL).
 - Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membros da Comisión, con voz e voto.
- 2.—A Comisión de valoración dentro dos límites de crédito que resulte dispoñible formulará proposta de resolución na que se cuantificará o importe asignado a cada solicitude e os criterios de valoración para efectiva.
- 3.— O Concelleiro da Área de Promoción Económica e Innovación, na súa condición de órgano instructor, elevará a correspondente proposta de resolución xunto co ditame emitido no seu caso polo órgano colexiado ao que se alude no parágrafo anterior.

ARTIGO 10. RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

- 1.—Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución correspondente tomando como base a proposta da Comisión de Valoración.
- 2.—O órgano competente para a resolución das solicitudes dictará o pertinente acordo que será notificado ao solicitante con expresión da contía da subvención, condicións na que se otorga e requisitos para o pago.
- 3.—A efectos do previsto no artigo 42 da Lei 30/92 o prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día da conclusión do prazo de presentación.

ARTIGO 11. PAGO DAS SUBVENCIONES

O pago da subvención realizarase previa xustificación polo beneficiario do investimento realizado (compra do material subvencionado).

ARTIGO 12. CRITERIOS OBXETIVOS PARA A AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

- 1.—A concesión de subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo como límite as dispoñibilidades orzamentarias destinadas para tal fin no presente exercizo e estará baseada na avaliación técnica das solicitudes. Neste senso, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, cos límites sinalados no apartado 2 do artigo 6 da presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.
- 2.—Como criterios xerais para o outorgamento das subvencións terase en conta:
 - ✓ Material instalado. Ata 3 puntos.

- ✓ Instalación de mesas e cadeiras: 2 puntos.
- ✓ Instalación de mesas, cadeiras e parasois: 3 puntos.
- ✓ Facturas pagadas. Ata 3 puntos. Valorarase tendo en conta a contía total investida no mobiliario:
 - De 1 a 400€: 1 punto; de 401 a 800 €: 2 puntos e de 801 € en diante: 3 puntos
- ✓ Persoal ao servizo do establecemento. Ata 3 puntos:
 - Valorarase a razón de 1 punto por empregado ata un máximo de 3.
- ✓ Entregar toda a documentación axustada a estas bases. 1 punto.
- ✓ Solicitud presentada correctamente sen que sexa necesaria a súa rectificación.

ARTIGO 13. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

- 1.— Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados.
- 2.— As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vilagarcía a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efecturarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.
- 3.— En calquera caso, o importe total das axudas ou subvencións recibidas non poderá superar o do custe do material subvencionado.

CAPÍTULO 4**CRITERIOS XERAIS PARA A XUSTIFICACIÓN****ARTIGO 14. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS**

Para cobrar a subvención deberase xustificar a subvención de acordo co artigo seguinte.

ARTIGO 15. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA PARA A XUSTIFICACIÓN

- 1.— A adquisición do mobiliario subvencionado acreditarase de acordo co establecido nas seguintes bases:
 - Memoria detallada do mobiliario adquirido.
 - O pago xustificarse mediante facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no RD.1496/2003. Como mínimo conterán:
 - nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario.
 - Descrición e data de realización da operación.
 - Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas no que se faga constar “IVE incluído”
- 2.— Ademais deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:
 - En todas as facturas deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - “Pagado” ou “Recibín”
 - Data do pago.
 - Firma e identificación da mesma (DNI ou nome completo de quen asina).
 - Selo da empresa.
 - Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá xustificarse mediante cargo bancario ou xustificante de ingreso na conta corrente do provedor, sinalando, no seu caso, o concepto a que corresponda o aboamento da cantidade.

En ningún caso o importe da subvención concedida ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia coa concedida por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o custo total da mobiliario adquirido polo suxeito beneficiario.

CAPÍTULO V

PROCEDIMENTO E REINTEGRO E CONTROL FINANCEIRO

ARTIGO 16. PERDA DO DEREITO AO COBRO

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte do suxeito beneficiario de calquera das obrigas previstas nestas bases.

ARTIGO 17. NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 Lei de subvencións de Galicia.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no capítulo IV da Lei de subvencións de Galicia e no Regulamento que a desenvolve, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD. 887/2006, do 21 de xullo.

CAPÍTULO VI

RÉXIME DE RECURSOS

ARTIGO 18. RECURSOS PROCEDENTES

Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación da resolución expresa do citado recurso.

Se a resolución non fora expresa o prazo para interpor o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo. Así mesmo poderase interpor directamente o recurso contencioso-administrativo citado, sen necesidade de interpor o recurso potestativo de reposición; sen prexuízo de que poida exercer calquer outro recurso que se estime procedente.

ANEXO I

Don/Dona.....
con DNI N° , enderezo.....
n° código postal..... Tlfno:.....

A COMPLETAR SE A PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA É DISTINTA AO SOLICITANTE:

En representación de.....
con DNI N°....., domicilio en:.....
n°..... código postal..... Tlfno:

DATOS DO ESTABLECEMENTO

Nome ou razón social do establecemento:.....

Dirección do establecemento:.....

Actividade: Epígrafe fiscal:.....

Número de veladores, paraois e de ser o caso, os demais elementos que se pretendan adquirir:.....

Teléfono do establecemento:.....

Licenza de apertura, número e data:.....

Data da concesión da autorización pola Xunta de Goberno Local de instalación da terraza anterior ao 11 de febreiro de 2010:.....

EXPÓN

Que está interesado en solicitar axudas para sufragar os custes da adquisición de mobiliario para o establecemento arriba referido e a tal efecto achega a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI do solicitante e, no seu caso, fotocopia do DNI do representante.
- Certificación acreditativa de non ser deudor da Facenda Pública e de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- CIF ou NIF do establecemento.
- Fotografías do mobiliario adquirido.
- Facturas pagadas.
- Certificación da conta bancaria do beneficiario para o abono da subvención.
- Declaración xurada de estar ao corrente en materia laboral.

Por todo SOLICITA que previo os trámites que procedan, se lle conceda a pertinente axuda para a mobiliario a instalar na terraza.

Vilagarcía de Arousa a, de de 2011

Asdo. _____

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos do Concello de Vilagarcía de Arousa e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro do Concello.

Vilagarcía de Arousa, a 22 de febreiro de 2011.—O Alcalde en funcións, Xosé Castro Ratón.

2011001971